

I CERTAME DE GAITEIROS SOLISTAS SANTIAGUIÑO DO MONTE



Campo da Faria, s/n.
15900 PADRON (La Coruña)



ASOCIACIÓN CULTURAL
"ROSALIA DE CASTRO"
GRUPO FOLKLÓRICO

Padrón, 16 de xuño de 2008
BASES DE PARTICIPACIÓN

PRIMEIRA

Poderán tomar parte tódolos gaiteros e gaiterías solistas que o desexen, establecéndose unha única categoría.

O concurso terá lugar o día 25 de xullo de 2008, 11:30 h. no "Área recreativa do Santiaguíño do Monte", Padrón.

Os participantes deberán presentar media hora antes do comezo no posto de control do certame.

Os participantes estarán convividos a un xantar gratuíto.

SEGUNDA

Os gaiteros que desexen participar no I CERTAME DE GAITEIROS SOLISTAS - SANTIAGUIÑO DO MONTE deberán enviar ó Concello de Padrón, antes do día 21 de xullo o IMPRESO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN xunto co xustificante de pago da fianza, ou remitilo por fax ó número 981 81 13 62, ou nos correos electrónicos a:

culturapadron@yahoo.es ou opedron@terra.es

O Comité de admisión determinará o número de participantes (máximo 15), tendo en conta a orde de recepción das solicitudes.

TERCEIRA

As gaitas deberán ser galegas e o gaitero só poderá ir acompañado de tamboril, caixa tradicional, bombo, pandeireta ou calquera outro instrumento de percusión considerado como tradicional dentro da nosa música, quedando excluídos os de materiais sintéticos.

O estilo e carácter da peza a interpretar serán necesariamente galegos.

Recoméndaselles ós participantes vestilo traxe tradicional galego.

A duración da interpretación non rebasará os 5 minutos.

CUARTA

Establécense tres premios, cunha dotación de:

1º Clasificado: 500 euros e placa

2º Clasificado: 300 euros e placa

3º Clasificado: 200 euros e placa

QUINTA

O Xurado cualificador será nomeado pola Comisión Organizadora do I Certame de Gaiteros Solistas - Santiaguíño do Monte, e a súa composición darase a coñecer no día, lugar e hora que se comunicarán oportunamente.

O Xurado cualificador terá en conta a afinación, interpretación, dificultade e rigoroso respecto á orixe e recreación das pezas interpretadas.

O Xurado poderá descalificar a calquera intérprete que non se atinxa ás Bases do Certame.

SEXTA

Cada participante deberá presentar unha fianza de 50 € no momento de facela súa preinscrición, ingresandoa na conta **2080 04 93 010000118840** da Entidade Caixa Nova sita na localidade de Padrón.

A fianza devolverase no posto de control da organización o día da celebración do certame.

Os participantes que non concurran o concurso perderán os dereitos de devolución de dita fianza.

SEPTIMA

A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas contidas nas presentes Bases, así como as decisións do Xurado designado, que serán inapelables.

O PRAZO DE INSCRICIÓN REMATA O DÍA 21 DE XULLO DE 2008

Para consultar calquera dúbida, chamar ó teléfono: 686.56.91.09 / 981.81.13.29

I CERTAME DE GAITEIROS SOLISTAS SANTIAGUIÑO DO MONTE



ASOCIACIÓN CULTURAL
"ROSALIA DE CASTRO"
GRUPO FOLKLÓRICO

Padrón, 16 de xuño de 2008

IMPRESO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

PROCEDEMENTO Participación no I CERTAME DE GAITEIROS SOLISTAS - SANTIAGUIÑO DO MONTE 2008	CÓDIGO PARTICIPANTE
---	--------------------------------

TEMA CO QUE DESEXA CONCURSAR

DATOS PERSOAIS DO PARTICIPANTE

NOME _____
ENDEREZO _____
TELÉFONO _____ FAX _____
DNI _____ IDADE _____

PARA CUBRIR POLO ORGANIZADOR

<u>DATA DE ENTRADA</u>	<u>PARTICIPANTE Nº</u>
Asdo.:	

REMITIR ANTES DO DÍA 21 DE XULLO DE 2008 A:

Oficina de Información Xuvenil - Centro Social
Campo do Souto s/n - 15900 Padrón

Fax: 981.81.13.62 e-mail: culturapadron@yahoo.es / opedron@terra.es

Máis información 686.56.90.09 / 981.81.13.29

* XUNTAR CO XUSTIFICANTE DE INGRESO DA FIANZA